

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de setembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catorce de setembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(939).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 31 de agosto de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(940).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES E ASOCIACÍONS DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIAIS DA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS-ANO 2017. EXPTE. 133732/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 31/08/17, asinado pola técnico de Actividades Económicas, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, o

xefe de Área de Benestar Social e a concelleira delegada da Área de Política Social, que di o seguinte:

Tramitado o correspondente expediente de subvencións a asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2017, resultan os seguintes feitos:

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de marzo de 2017, (BOP nº 69, do 7 de abril de 2017 e extracto no BOP nº 75 de 19/04/2017), aprobáanse as bases de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais.

Segundo.- Tramitados os expedientes conforme ó disposto nas bases da convocatoria, a instructora do expediente, cos informes das Comisións de avaliación de datas 3 de xullo e 30 de agosto de 2017, eleva proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, achegando as actas das citadas comisións nas que se detallan as distintas propostas de concesión e denegación, sinalando, no seu caso, o concepto e o importe das mesmas.

Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 Subvencións a asociacións, entidades, etc. de carácter social, no vixente orzamento de gastos, por un total de 50.000 euros.

Cuarto.- O reparto do crédito establécese en función da puntuación obtida ao valorar de xeito obxectivo todas as solicitudes.

Quinto.- O importe a conceder ascende a 49.896,00, unha vez minorada a diferenza existente entre a contía que lle correspondería segundo os puntos acadados e o importe solicitado pola entidade "ASOCIACION DE VECIÑOS CONSUMIDORES E USUARIOS-CSCR DE BEADE".

Sexto.- As entidades solicitantes presentaron declaración responsable no Servizo de Benestar social de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Esta declaración substitúe á presentación das certificacións correspondentes, toda vez que as subvencións concedidas están destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social, utilizándose, polo tanto, a simplificación na acreditación, segundo establece o Artigo 31.7 i) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Artigo 24.4.7 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Así mesmo, constátase que reúnen o resto dos requisitos para obter a condición de beneficiarios das subvencións establecidos na Lei 9/2007. Asimesmo faise constar que da información que obra nos expedientes, despréndese que cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

«ACORDO:

PRIMEIRO: Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do vixente orzamento, a cantidade de 49.896,00 € en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2017, segundo o seguinte desglose:

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO	PUNTUACION OBTIDA	IMPORTE CONCEDIDO
ASDEGAL (ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA)	G27727593	AXUDA A PERSOAS MAIORES EN RISCO DE EXCLUSION SOCIAL	2.000,00	28	1.529,92
SOCIEDAD SAN VICENTE DE PAUL	G28256667	ASISTENCIA ALIMENTARIA Y ATENCION A FAMILIAS Y PERSONAS	3.000,00	25	1.366,00
ASOCIACION SODINAUTICA	G36796142	INCLUSION NA NAUTICA 2017	1.000,00	0	0,00
ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	G28197564	PROGRAMA DE REHABILITACION PSICOSOCIAL DO DOENTE LARINGECTOMIZADO	1.753,80	26	1.420,64
ASOCIACION CULTURAL BLANCO NAJERA	G27814821	ESPAZO COEDUCATIVO-PROXECTO DA IGUALDADE NO TEMPO LIBRE E DE LECER DAS FAMILIAS	3.000,00	1	0,00
DOA SAUDE MENTAL	G36044295	REHABILITACION PSICOMOTRIZ EN PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAUDE MENTAL 2017	3.000,00	28	1.529,92
ASOLUGA	G27832229	LUDOTECA ITINERANTE "APRENDER XOGANDO"	3.500,00	1	0,00
HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	R3600336F	PROGRAMA DE OCIO E TEMPO LIBRE E ADQUISICION DE HABITOS PSIQUICO-FISICOS SAUDABLES	3.000,00	24	1.311,36
ASOCIACION VIGUESA DE ALCOHOLOXIA-ASVIDAL	G36627453	UNIDADE DE APOYO EN UN PROGRAMA DE CAPACITACION E INSERCIÓN SOCIO-LAB.	3.000,00	21	1.147,44
ASOCIACION PARKINSON DE VIGO	G36962447	TERAPIA OCUPACIONAL EN PACIENTES CON PARKINSON 2017	2.793,00	5	0,00
ASOCIACION GALEGA DE HEMOFILIA	G15220577	HEMOESCOLA VIGO. Escola para familias e nenos con hemofilia 2017	1.831,76	23	1.256,72
FEDERACION PROVINCIAL DE ASOCIACIONES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE PONTEVEDRA	G36704195	FISIOTERAPIA APLICADA Á MELLORADA PSICOMOTRICIDADE 2017	3.000,00	26	1.420,64
FUNDACION ERGUETE INTEGRACION	G36861078	PROXECTO IFAS	1.864,00	26	1.420,64
FUNDACION TUTELAR GALEGA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL SALVORA	G36733046	INFORMACION E ASESORAMENTO EN MATERIA DE TUTELA E PROTECCION A PERS. CON DISC. INTELECTUAL	3.000,00	22	1.202,08
AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA ASDAN	G27776459	VIVE DEPORTIVAMENTE	2.000,00	25	1.366,00
ASOCIACION DE VECIÑOS CONSUMIDORES E USUARIOS-CSCR DE BEADE	G36632081	PEQUELANDIA	720,00	15	720,00
ASOCIACION DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION	G36938272	PSICOLOXIA GRUPAL PARA PERSOAS CON TDAH	3.932,99	23	1.256,72
ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA	G36639896	PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES DE FORMACION, COÑECEMENTO E CONVIVENCIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS PARENTAIS	1.565,00	28	1.529,92
FUNDACION AMIGOS DE LOS MAYORES	G83625509	STOP SOIDADE	3.000,00	30	1.639,20
FEAFES GALICIA (FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA)	G15545353	PROGR. INTEGRAL DE INFORMACION Y ATENCION SOCIOFAMILAR A FAMILIAS, COIDADORES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL	3.000,00	33	1.803,12
ASOC. A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPA (ASPANAEX)	G36605905	OBRADOIROS ALTERNATIVOS	3.000,00	22	1.202,08
ALENTA – ASOCIACION DE DANO CEREBRAL DE VIGO	G36873511	PROXECTO DE INFORMACION, ATENCION E ASESORAMENTO ESPECIFICO A FAMILIARES DE AFECTADOS DE	3.000,00	20	1.092,80

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO	PUNTUACION OBTIDA	IMPORTE CONCEDIDO
		DANO CEREBRAL ADQUIRIDO			
ASOCIACION GALEGA DE FIBROSE QUISTICA	G15088396	PROGRAMA DE ATENCION INTEGRAL PARA PERSOAS CON FIBROSE QUISTICA	1.500,00	20	1.092,80
ASOCIACION XARUMA	G27746486	NATURALMENTE: ACOMPAÑAMENTOS E RESPIROS FAMILIARES PARA PREVI- R A EXCLUSION E FOMENTAR A VIDA AUTONOMA	3.000,00	22	1.202,08
FUNDACION ISIDRE ESTEVE	G25726316	CENTRO PONTE DA FUNDACIO ISIDRE ESTEVE DE VIGO	3.000,00	32	1.748,48
DOWN VIGO: ASOCIACION PARA SINDROME DE DOWN	G36697324	"MOVE O CORPO" OBRADOIRO DE PSICOMOTRICIDADE	3.000,00	26	1.420,64
ASOC. GALITEA	G2784090	PROXECTO "ASPIE"	5.000,00	23	1.256,72
ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA)	G36776920	RELAX-IN: ACTIVIDADES SAUDABRES PARA COIDADORES NON PROFESIONAIS E FAMILIARES DE PERSOAS CON ALGUN TIPO DE DEMENCIA NEURODEXENERATIVA	1.002,99	6	0,00
FUNDACION JUANSOÑADOR	G24452435	PROXECTO SOCIOEDUCATIVO NA RUA VIGO	3.000,00	34	1.857,76
ASOCIACION VIGUESA DE ESCRESOSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	G36816106	LOGOPEDIA E ESCLEROSE MULTIPLE	3.000,00	5	0,00
CENTRO DE ACCION CONTRA LA VIOLENCIA EN GALICIA (CE- VIAGAL)	G27825462	CONECTANDO EDADES, CAMINANDO JUNTOS	4.071,00	1	0,00
ASOCIACION STOP	G27729839	PREVENCION Y TRATAMIENTO DEL ALCOHOLISMO	3.650,00	2	0,00
APAMP, ASOCIACION DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	G36624120	RESPIRO FAMILIAR APAMP	3.000,00	0	0,00
ASOCIACION DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA	G36835403	INTERVENCION PSICOEDUCATIVA E SOCIAL EN AUTOESTIMA E AUTOCOIIDADO EMOCIONAL	3.000,00	18	983,52
ASOCIACION FARAXA POLA ABOLICION DA PROSTITUCION	G15088396	ACTIVATE. APOIO NA EDUCACION VIAL EN MULLERES INMIGRANTES	3.000,00	0	0,00
ASOCIACION DE SERVICIOS A COMUNIDADE INCLUE	G27764844	PROGRAMA DE ATENCION PSICOSOCIAL PARA PACIENTES DUALES	3.000,00	24	1.311,36
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES	R3600319B	PROGRAMA DE ACOMPAÑAMIENTO SOCIAL DE MERMANOS MISIONEROS	3.000,00	33	1.803,12
FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	G15859911	PLAN INTEGRAL DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSION SOCIAL NO CONCELLO DE VIGO	3.000,00	0	0,00
FUNDACION IGUAL ARTE	G36427524	COR E MOVEMENTO II	2.500,00	18	983,52
ASOCIACION GALEGA CONTRA AS ENFERMIDADES NEUROMUSCULARES (ASEM GALICIA)	G36925691	OBRADOIRO DE MANUALIDADES ASEM GALICIA	3.000,00	5	0,00
ASOCIACION ARELA	G36846152	PROGRAMA DE APOIO E EDUCACION FAMILIAR	3.000,00	33	1.803,12
ASOCIACION DIGNIDADE GALICIA -VIGO	G15500853	PROXECTO DE APOIO E INERVEN- CION CON PERSOAS E FAMILIAS DE EXCLUSION SOCIAL	3.000,00	26	1.420,64
ASOCIACION INTEGRACION POLA INCLUSION EN SITUACION DE VULNERABILIDAD SOCIAL	G94059755	OS NOSOS AV@S	3.000,00	0	0,00

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	IMPORTE SOLICITADO	PUNTUACION OBTIDA	IMPORTE CONCEDIDO
ASOCIACION CULTURAL GALEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS	G15496607	SMART SENIORS VIGO	3.000,00	23	1.256,72
FADEMGAL PLENA INCLUSION GALICIA	G36620037	SERVIZO DE INFORMACION, ORIENTACION LABORA E APOIOS AO EMPREGO ESPECIFICO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	2.000,00	23	1.256,72
ASOCIACION MANAIA	G36975944	PREPARACION, APOIO E ACOMPAÑAMENTO AS FAMILIAS ADOPTIVAS	1.400,00	4	0,00
ASOCIACION DE XUBILADOS E PENSIONISTAS AVOA	G36972800	COMPRA DE UNHA IMPRESORA	100,00	0	0,00
CENTRO SOCIOCULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO DE VALLADARES	G36617082	FACILITANDO O ACCESO A EDUCACION SECUNDARIA OBRIGATORIA	2.000,00	24	1.311,36
FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	G36797579	MELLORA DE COMPETENCIAS DIXITAIS E COMUNICACION COAS ADMINISTRACIONES ELECTRONICAS	2.000,00	31	1.693,84
ASOCIACIÓN DA 3ª IDADE NEVOX	G36806222	NA IDADE DE APRENDER A COMUNICARNOS DIXITALMENTE	2.500,00	25	1.366,00
ASOCIACION DIVERSIDADES	G27783950	ESCOLA DE SEGUNDA OPORTUNIDADE	3.000,00	3	0,00
FUNDACION MENIÑOS	G15551120	VIAXE AO REINO DAS EMOCIONS	2.000,00	4	0,00
ASOCIACION GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS	G15428600	PROXECTO DE APOIO AS FAMILIAS NUMEROSAS NO CONCELLO DE VIGO	2.371,11	0	0,00
FUNDACION ALDABA	G82453606	REMOVENDONOS	3.000,00	35	1.912,40

SEGUNDO: Desestimar as solicitudes de subvencións ás entidades que a seguir se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras do programa, aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión do 30.03.2017:

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	PUNTUACION OBTIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
ASDEGAL (ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA)	G27727593	AXUDA A PERSOAS MAIORES EN RISCO DE EXCLUSION SOCIAL	28	
SOCIEDAD SAN VICENTE DE PAUL	G28256667	ASISTENCIA ALIMENTARIA Y ATENCION A FAMILIAS Y PERSONAS	25	
ASOCIACION SODINAUTICA	G36796142	INCLUSION NA NAUTICA 2017	0	DESESTIMADA BASE 3,2
ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	G28197564	PROGRAMA DE REHABILITACION PSICOSOCIAL DO DOENTE LARINGECTOMIZADO	26	
ASOCIACION CULTURAL BLANCO NAJERA	G27814821	ESPAZO COEDUCATIVO-PROXECTO DA IGUALDADE NO TEMPO LIBRE E DE LECER DAS FAMILIAS	1	DESESTIMADA BASE 3,4
DOA SAUDE MENTAL	G36044295	REHABILITACION PSICOMOTRIZ EN PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAUDE MENTAL 2017	28	
ASOLUGA	G27832229	LUDOTECA ITINERANTE "APRENDER XOGANDO"	1	DESESTIMADA BASE 3,4
HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	R3600336F	PROGRAMA DE OCIO E TEMPO LIBRE E ADQUISICION DE HABITOS PSIQUICO-FISICOS SAUDABLES	24	

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	PUNTUA- CION OB- TIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
ASOCIACION VIGUESA DE ALCOHOLOXIA-ASVIDAL	G36627453	UNIDADE DE APOYO EN UN PROGRAMA DE CAPACITACION E INSERCIÓN SOCIO-LAB.	21	
ASOCIACION PARKINSON DE VIGO	G36962447	TERAPIA OCUPACIONAL EN PACIENTES CON PARKINSON 2017	5	DESESTIMADA BASE 3,4
ASOCIACION GALEGA DE HEMOFILIA	G15220577	HEMOESCOLA VIGO. Escola para familias e nenos con hemofilia 2017	23	
FEDERACION PROVINCIAL DE ASOCIACIONS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE PONTEVEDRA	G36704195	FISIOTERAPIA APLICADA Á MELLORADA PSICOMOTRICIDADE 2017	26	
FUNDACION ERGUETE INTEGRACION	G36861078	PROXECTO IFAS	26	
FUNDACION TUTELAR GALEGA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL SALVORA	G36733046	INFORMACION E ASESORAMENTO EN MATERIA DE TUTELA E PROTECCION A PERS. CON DISC. INTELECTUAL	22	
AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA ASDAN	G27776459	VIVE DEPORTIVAMENTE	25	
ASOCIACION DE VECIÑOS CONSUMIDORES E USUARIOS-CSCR DE BEADE	G36632081	PEQUELANDIA	15	
ASOCIACION DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION	G36938272	PSICOLOXIA GRUPAL PARA PERSOAS CON TDAH	23	
ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA	G36639896	PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES DE FORMACION, COÑECEMENTO E CONVIVENCIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS PARENTAIS	28	
FUNDACION AMIGOS DE LOS MAYORES	G83625509	STOP SOIDADE	30	
FEAFES GALICIA (FEDERACION DE ASOCIACIONS DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA)	G15545353	PROGR. INTEGRAL DE INFORMACION Y ATENCION SOCIOFAMILAR A FAMILIAS, COIDADORES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL	33	
ASOC. A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPA (ASPANAEX)	G36605905	OBRADOIROS ALTERNATIVOS	22	
ALENTO – ASOCIACION DE DANO CEREBRAL DE VIGO	G36873511	PROXECTO DE INFORMACION, ATENCION E ASESORAMENTO ESPECIFICO A FAMILIARES DE AFECTADOS DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO	20	
ASOCIACION GALEGA DE FIBROSE QUISTICA	G15088396	PROGRAMA DE ATENCION INTEGRAL PARA PERSOAS CON FIBROSE QUISTICA	20	
ASOCIACION XARUMA	G27746486	NATURALMENTE: ACOMPAÑAMENTOS E RESPIROS FAMILIARES PARA PREVI R A EXCLUSION E FOMENTAR A VIDA AUTONOMA	22	
FUNDACION ISIDRE ESTEVE	G25726316	CENTRO PONTE DA FUNDACIO ISIDRE ESTEVE DE VIGO	32	
DOWN VIGO: ASOCIACION PARA SINDROME DE DOWN	G36697324	"MOVE O CORPO" OBRADOIRO DE PSICOMOTRICIDADE	26	
ASOC. GALITEA	G2784090	PROXECTO "ASPIE"	23	
ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA)	G36776920	RELAX-IN: ACTIVIDADES SAUDABRES PARA COIDADORES NON PROFESIONAIS E FAMILIARES DE PERSOAS CON ALGUN TIPO DE DEMENCIA NEURODEXENERATIVA	6	DESESTIMADA BASE 3,4
FUNDACION JUANSOÑADOR	G24452435	PROXECTO SOCIOEDUCATIVO NA RUA VIGO	34	
ASOCIACION VIGUESA DE ESCRESOSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	G36816106	LOGOPEDIA E ESCLEROSE MULTIPLE	5	DESESTIMADA BASE 3,4

NOME ENTIDADE	NIF	PROXECTO	PUNTAU- CION OB- TIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
CENTRO DE ACCION CONTRA LA VIOLENCIA EN GALICIA (CEVIAGAL)	G27825462	CONECTANDO EDADES, CAMINANDO JUNTOS	1	DESESTIMADA BASE 3,4
ASOCIACION STOP	G27729839	PREVENCION Y TRATAMIENTO DEL ALCOHOLISMO	2	DESESTIMADA BASE 3,4
APAMP, ASOCIACION DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	G36624120	RESPIRO FAMILIAR APAMP	0	DESESTIMADA BASE 3,3
ASOCIACION DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA	G36835403	INTERVENCION PSICOEDUCATIVA E SOCIAL EN AUTOESTIMA E AUTOCOIIDADO EMOCIONAL	18	
ASOCIACION FARAXA POLA ABOLICION DA PROSTITUCION	G15088396	ACTIVATE. APOIO NA EDUCACION VIAL EN MULLERES INMIGRANTES	0	DESESTIMADA BASE 3.2
ASOCIACION DE SERVICIOS A COMUNIDADE INCLUE	G27764844	PROGRAMA DE ATENCION PSICOSOCIAL PARA PACIENTES DUALES	24	
HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES	R3600319B	PROGRAMA DE ACOMPAÑAMIENTO SOCIAL DE MERMANOS MISIONEROS	33	
FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	G15859911	PLAN INTEGRAL DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSION SOCIAL NO CONCELLO DE VIGO	0	DESESTIMADA BASE 3.3
FUNDACION IGUAL ARTE	G36427524	COR E MOVEMENTO II	18	
ASOCIACION GALEGA CONTRA AS ENFERMIDADES NEUROMUSCULARES (ASEM GALICIA)	G36925691	OBRADOIRO DE MANUALIDADES ASEM GALICIA	5	DESESTIMADA BASE 3,4
ASOCIACION ARELA	G36846152	PROGRAMA DE APOIO E EDUCACION FAMILIAR	33	
ASOCIACION DIGNIDADE GALICIA -VIGO	G15500853	PROXECTO DE APOIO E INERVEN- CION CON PERSOAS E FAMILIAS DE EXCLUSION SOCIAL	26	
ASOCIACION INTEGRACION POLA INCLUSION EN SITUACION DE VULNERABILIDAD SOCIAL	G94059755	OS NOSOS AV@S	0	DESESTIMADA BASE 3.3 e 8
ASOCIACION CULTURAL GALEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS	G15496607	SMART SENIORS VIGO	23	
FADEMGA PLENA INCLUSION GALICIA	G36620037	SERVIZO DE INFORMACION, ORIENTACION LABORA E APOIOS AO EMPREGO ESPECIFICO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	23	
ASOCIACION MANAIA	G36975944	PREPARACION, APOIO E ACOMPAÑAMENTO AS FAMILIAS ADOPTIVAS	4	DESESTIMADA BASE 3,4
ASOCIACION DE XUBILADOS E PENSIONISTAS AVOA	G36972800	COMPRA DE UNHA IMPRESORA	0	DESESTIMADA BASE 1- obxecto
CENTRO SOCIOCULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO DE VALLADARES	G36617082	FACILITANDO O ACCESO A EDUCACION SECUNDARIA OBRIGATORIA	24	
FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	G36797579	MELLORA DE COMPETENCIAS DIXITAIS E COMUNICACION COAS ADMINISTRACIONES ELECTRONICAS	31	
ASOCIACIÓN DA 3ª IDADE NEVOX	G36806222	NA IDADE DE APRENDER A COMUNICARNOS DIXITALMENTE	25	
ASOCIACION DIVERSIDADES	G27783950	ESCOLA DE SEGUNDA OPORTUNIDADE	3	DESESTIMADA BASE 3,4
FUNDACION MENIÑOS	G15551120	VIAXE AO REINO DAS EMOCIONS	4	DESESTIMADA BASE 3,4
ASOCIACION GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS	G15428600	PROXECTO DE APOIO AS FAMILIAS NUMEROSAS NO CONCELLO DE VIGO	0	DESESTIMADA BASE 6

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(941).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 10850/255.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 11/09/17, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 11 de setembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255) (informe sobre C)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255) na seguinte orde descendente:

LICITADOR		PUNTUACIÓN TOTAL
1	UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.	96,00
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	90,09
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L	83,72
4	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL S.L.)	83,16
5	BRÓCOLI, S.L.	25,78

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.799,85 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(942).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE FIRMES DE VÍAS EN CONTORNOS PATRIMONIAIS NAS DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4653/440.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 7/09/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de setembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTE 1)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 4 de setembro de 2017 polo que non se admite neste procedemento ao licitador DESMACO, S.L., por ter presentado a súa proposición fóra de prazo (artigo 80 Real decreto 1098/2011, do 12 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no LOTE 1 “*Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Centro*” deste procedemento aberto para a contratación das obras de

substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	% Baixa	Prezo ofertado
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	41,11	179.170,67 €
2	FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.	40,87	179.900,86 €
3	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	40,72	180.357,23 €
4	HORDESCON, S.L.	40,39	181.361,25 €
5	ELECNOR INFRAESTRUCTURAS	39,61	183.734,36 €
6	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	37,65	189.697,51 €
7	ELSAMEX, S.A.	37,14	191.249,25 €
8	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	35,58	195.995,50 €
9	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	33,70	201.715,32 €
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	32,01	206.857,09 €
11	MISTURAS, S.A.	30,31	212.028,30 €
12	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	30,10	212.668,20 €
13	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	30,00	212.972,44 €
14	NAROM, S.L.	27,41	220.852,42 €
15	OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	26,61	223.286,39 €
16	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	25,51	226.633,10 €

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 429,92 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(943).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA ESTRUTURA E PAVIMENTO DO PAVILLÓN DO MONTE DA MINA (CASTRELOS). EXPTE. 15922/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 7/09/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de setembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo arquitecto municipal o 11 de agosto de 2017:

1. DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A.
2. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)	96,55
2	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	95,49
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	87,11

	Licitadores	Puntuación
4	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	82,48
5	EXCAVACIONES ROALTRANS, S.L.	68,09
6	ORECO, S.A.	61,09
7	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	46,58
8	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	38,39

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.076,34 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.), o día 25 de agosto de 2017, que presenta a documentación requirida o 4 de setembro de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 7 de setembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 28 de xuño e 21 de agosto de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.) o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 208.950,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.264,05 euros.*
- b) Propón un incremento do prazo de garantía de 8 semestres (prazo total 10 semestres).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(944).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA XII MARCHA CICLISTA A NAVIA, O VINDEIRO DOMINGO 17 DE SETEMBRO DE 2017. EXPTE. 16359/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 11/09/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o secretario xeral do Pleno e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade Asociación Veciñal de Navia, con CIF (G-36648608), solicitou o día 4-08-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170109768), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XII MARCHA CICLISTA A NAVIA
- Data: 17 setembro de 2017
- Horario: 11.00h a 13.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro domingo 17 de setembro de 2017, a proba terá a súa saída ás 11.00h dende a rúa Lamelas, seguindo por Teixugueiras, Ufas, Pedra Seixa, Xuncal, San Paio, Río, Avda. Samil, Avda. Europa, rúa Bravo, Pereiras, Lourido, Cerqueiro, para rematar na rúa Bravo.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Asociación Veciñal de Navia, con CIF (G-36648608), a organizar o vindeiro domingo 17 de setembro de 2017, o evento deportivo denominado XII MARCHA CICLISTA A NAVIA, a proba terá a súa saída dende a rúa Lamelas ás 11.00h para seguir pola rúa Ufas, Pedra Seixa, Xuncal, San Paio, Río, Avda. Samil, Avda. Europa, rúa Bravo, Pereiras, Lourido, Cerqueiro, para rematar na rúa Bravo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(945).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO “FORMAWEB”. EXPTE. 14383/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 1/09/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado de Emprego, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 4 de maio de 2017 a proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, acordou:

- 1. Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego FORMAWEB”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.*
- 2. Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “Orde do 29 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2017, publicado no BOG do 10 de abril de 2017”.*
- 3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2017 e 2018, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*
- 4. Delegar no Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “FORMAWEB”.*

Con data do 28 de agosto de 2017, recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego denominado “FORMAWEB” por resolución de 25/08/2017 do Xefe Territorial (D. Ignacio Rial Santomé) da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do

emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de expediente 36/00030/2017, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe global de 140.188,65 € para a posta en marcha das ditas accións.

A resolución supón a aceptación da especialidade solicitadas (Confección e publicación de páxinas web), e contará con 15 alumnos/as-traballadores/as , e un unha equipa directiva composta de 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a e 1 experto/a docente.

Da cantidade global de concesión da subvención (140.188,65 €), 61.488,00 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 78.700,65 € para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro.

Polo anteriormente exposto **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, coa conformidade do Secretario Municipal e non sendo necesaria a fiscalización previa do expediente, a adopción do seguinte acordo:

1.- Aceptar a subvención concedida na resolución de concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego denominado "FORMAWEB", por resolución de 25/08/2017 do Xefe Territorial (D. Ignacio Rial Santomé) da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para os anos 2017 e 2018, co número de expediente 36/00030/2017, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe global de 140.188,65 € para a posta en marcha das ditas accións.

2.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego "FORMAWEB", conforme os criterios establecidos na Orde do 29 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(946).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "VIGO CAPACITA IV". EXPTE. 14380/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 1/09/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o

secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado de Emprego, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do 30 de marzo de 2017 a proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, acordou:

1. Aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego Vigo Capacita IV", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.
2. Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na "Orde do 8 febreiro 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para 2017".
3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podían corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2017 e 2018, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
4. Delegar no Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego "Vigo Capacita IV".

Con data do 29 de agosto de 2017, recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego denominado "VIGO CAPACITA IV" por resolución de 24/08/2017 do Xefe Territorial (D. Ignacio Rial Santomé) da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, ao abeiro da *ORDE do 8 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017*, co número de expediente 36/00013/2017, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe global de 279.959,00 € para a posta en marcha das ditas accións.

A resolución supón a aceptación das dúas especialidades solicitadas (Cociña e Restaurante-Bar), e contará con 20 alumnos/as-traballadores/as a 20 (10 por cada especialidades), e un unha equipa directiva composta de 1 directos/a, 1 titor/a, 1 administrativa e 2 expertos docentes.

Da cantidade global de concesión da subvención (279.959,00 €), 122.976,00 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 156.983,00 € para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, coa conformidade do Secretario Municipal e non sendo necesaria a fiscalización previa do expediente, a adopción do seguinte acordo:

- 1.- *Aceptar a subvención concedida na resolución de concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego denominado "VIGO CAPACITA IV", por resolución de 24/08/2017 do Xefe Territorial (D. Ignacio Rial Santomé) da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, ao abeiro da ORDE do 8 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das*

axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, co número de expediente 36/00013/2017, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe global de 279.959,00 € para a posta en marcha das ditas accións.

2.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego "VIGO CAPACITA IV", conforme os criterios establecidos na ORDE do 8 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(947).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO. EXPTE. 14287/77.

Visto o informe xurídico do 31/07/17 e o informe de fiscalización do 7/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 4/09/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro delegado de Emprego e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión de axudas, en réxime de concurrencia competitiva para o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación, preferentemente relacionadas co sector secundario, que poidan dar lugar a xeración de emprego e permitan:

- Facilitar a adquisición de experiencia no ámbito da investigación e a innovación en sectores de interese para o emprego en Vigo e Galicia.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Fomentar a investigación e o desenvolvemento de proxectos que melloren a actividade económica, preferentemente do sector secundario, cara a incidir na mellora real e o incremento do emprego.

O desenvolvemento destas actividades de fomento do emprendemento e o emprego, veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016, e conforme establece a LEI 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

..."

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades sen ánimo de lucro, que estén inscritas, no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), ou teñan solicitado a súa inscrición antes da aprobación das presentes bases pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego estable, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación que teñan relación cos sectores empresariais, como xeradores de emprego.

En relación o exposto e seguindo instrucións do Concelleiro de Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, se somete a Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta de acordo:

- ▣ *Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as “BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO”, correspondentes ao ano 2017 que se achegan no Anexo I.*
- ▣ *Aprobar, o gasto, por importe de 30.000,00 € (TRINTA mil euros), que se imputarán a partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos de 2017.*
- ▣ *Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO” en:*
A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia. As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO.

PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego a entidades sin ánimo de lucro, que se realicen como máximo entre o **1 xaneiro e o 15 de outubro de 2017**.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é mediante a investigación e a innovación, se fomenta o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación, preferentemente relacionadas co sector secundario, que poidan dar lugar a xeración de emprego e permitan:

- Facilitar a adquisición de experiencia no ámbito da investigación e a innovación en sectores de interese para o emprego en Vigo e Galicia.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Fomentar a investigación e o desenvolvemento de proxectos que melloren a actividade económica, preferentemente do sector secundario, cara a incidir na mellora real e o incremento do emprego.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades sen ánimo de lucro, que estén inscritas, no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), ou teñan solicitado a súa inscrición antes da aprobación das presentes bases pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases, e que veñan desenvolvendo actividades de investigación e innovación en proxectos relacionados coa industria, cando menos 6 meses antes da publicación da convocatoria.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
4. Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, co Concello de Vigo e coa Seguridade Social.
5. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar dita información tributaria na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Noutro caso, será preciso achegar a oportuna certificación.
6. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubitado, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización dos gastos de funcionamento e difusión necesarias para o desenvolvemento do proxecto, e das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, os realizados dentro dos prazos establecidos na convocatoria entre os meses de **1 xaneiro e o 15 de outubro de 2017**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que a/as entidades poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións de persoal e gastos de funcionamento realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas, e que teñan acomodo no obxecto de convocatoria:

- Custes salariais derivados do persoal contratado e/ou da entidade con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado e/ou da entidade con cargo a subvención.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados coa posta en marcha do proxecto presentado.

- Gastos de difusión, publicidade e asistencia a eventos.
- Gastos de aluguer de locais e maquinaria.
- En xeral todos aqueles necesarios para a execución do proxecto ou proxectos preentados.

En ningún caso serán subvencionables:

- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións serán como máximo de 30.000 € (trinta euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

b) O importe máximo da subvención ou axuda será de 15.000,00 € e, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, aillada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

QUINTA.- ANTICIPO A CONTA.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.”

SEXTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCÍONS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria.

SÉTIMA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

- 1- Cando o proxecto que se pretende executar, segundo memoria achegada:
 - Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
 - Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
 - Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando a puntuación mínima na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
 - Cando non se axuste á solicitude o proxecto de fomento do emprego que fundamentan a concesión da subvención.
- 2- Con carácter xeral:
 - A non xustificación ou xustificación fora de prazo das subvención do ano anterior, realizadas pola área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
 - Aquelas solicitudes de subvención cando sexan achegadas por entidades que non estean debidamente inscritas ou non teñan solicitado a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, antes da aprobación das presentes bases.
 - Aquelas solicitudes para realización de actividades relacionadas co proxecto, que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vixente exercicio orzamentario.
 - En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias
 - Cando a entidade non atende, no prazo de dez (10) días, ao requirimento de presentación de documentación, información o aclaracións, realizado pola Comisión de Valoración, esta propondrá a desestimación da/s solicitude/s de subvención/s

OITAVA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
2. Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Para os efectos de difusión pública, en todo o lugar ou lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo en tamaño A3, segundo o Anexo VI aprobado. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade, ata a **finalización do ano 2017**, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no

- financiamento das gastos de execución do proxecto, así como da contratación de persoal e, en xeral, da inserción laboral e o fomento do emprego.
4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira
 5. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
 6. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
 7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
 8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
 9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias, co Concello de Vigo e coa Seguridade Social.
 10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
 11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1- As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org), no portal de transparencia e no Servizo de Información do Concello de Vigo. Os solicitantes deberán achegar:

a) Anexo I “Solicitud”: Unha solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, de:

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante legal
- domicilio a efectos de notificación
- datos do proxecto (contía solicitada)
- lugar, data, sinatura e selo

b) Anexo II: Declaración xurada de cumprimento dos requisitos.

c) Anexo III: Ficha de solicitude de transferencia bancaria.

d) Anexo IV: Declaración xurada das axudas solicitados e/ou concedidas,

e) Anexo V: “Memoria do proxecto de contratacións, actividades e metodoloxía a empregar no proxecto a realizar”.

f) Anexo VII: Autorización para a consulta e verificación de datos do Concello de Vigo, para comprobar se a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesorería de la Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia. No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as *Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social*, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, no será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

g) Fotocopia do CIF da entidade.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

h) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

1- Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 28.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de PAC das AAPP, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, sempre que o interesado expresase o seu consentimento a que sexan consultados ou solicitados devanditos documentos. En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, debe facerse constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

2- O departamento convocante pode requirir, canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

3- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que subsane a falta no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, co apercibimento de que se non o fai terásele desistido da súa petición previa resolución.

4- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas, desistimento que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84.1 e 94 da Lei 39/2015, de PAC das AAPP.

DÉCIMA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base anterior, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones, nos termos do art. 30 da LPAC das AAPP (L39/2015).

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 16.4 da mesma.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de

Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

1. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto. Ata 20 puntos.
 - a) Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
 - Que sexan capaces de xerar grupos de innovación na actividade económica de Vigo e o seu entorno, ou programas estables de innovación e investigación fronte a accións puntuais
 - Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno económico e laboral e, que teñan viabilidade técnica.
 - Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.
 - No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de dez (10) puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

2. Áreas económicas relacionado co proxecto:
 - a) Tecnoloxías da comunicación 5 puntos
 - b) Automoción 5 puntos
 - c) Industria naval 5 puntos
 - d) Biotecnoloxía 4 puntos
 - e) Enexías renovables 4 puntos
 - f) Outras áreas e/ou sectores 2 puntos

3. Uso da lingua galega no proxecto/s 5 puntos.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROCEDIMIENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta o defectuosa, requirirase á solicitante para que subsane no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

2- Pola xefatura do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, poderá dispoñerse a realización das oportunas comprobacións sobre a veracidade dos datos achegados polas entidades solicitantes, podendo solicitar os informes que considere necesarios para a mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

3- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos de Desenvolvemento Local e Emprego, que poderán realizar de oficio cantas

actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
- 2 Vogais:
 - O xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 - Un/unha técnico do mesmo.
- 1 Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

5- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, ós informes emitidos, ás limitacións presupostarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución ao órgano concedente, previo informe no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

7- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, no prazo de **catro meses**, que se computará a partir da publicación desta convocatoria, a resolución motivada do procedemento, que conterá a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes.

8- A resolución do procedemento poderá notificarse ás entidades beneficiarias, con carácter xeral por medio do correo electrónico, ou ben, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, substituírse dita notificación pola publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 45.1.b) da Lei 39/2015 do PAC das AAPP.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución polas interesadas ou, no seu caso, dende o día seguinte á publicación da resolución, a beneficiaria dispón dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24 da Lei 39/2015 ao respecto.

10- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

11.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio presupostario.

DÉCIMO TERCEIRA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As beneficiarias, no prazo de quince (15) días e sempre antes do **1 de novembro de 2017**, a contar desde o remate das accións de do proxecto de fomento do emprego subvencionado, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha memoria e unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

•**Memoria de actividades realizadas**, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:

- Denominación
- Financiamento.
- Contratacións realizadas:
 - Novas contratacións:
 - Denominación do/s posto/s.
 - Perfís profesionais
 - Persoas contratadas.
 - Período de contratación.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Contratos do persoal da entidade para o desenvolvemento do proxecto:
 - Denominación do posto.
 - Perfil profesional.
 - Persoa asignada ao proxecto.
 - Período de traballo.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
- Nos cursos de formación realizados ao persoal contrato con cargo á subvencións explicitarase:
 - Programa do curso.
 - Horas de formación.

- Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
- Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.
 - Datas e lugar de celebración.
 - Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.
- Memoria de prensa e comunicación.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persoal contratado e/ou asignado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.”

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- ▢ Copia autenticada do contrato.
- ▢ Copia autenticado do contrato e/ou vida laboral do persoal da entidade con cargo a subvención.
- ▢ Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- ▢ Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- ▢ Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- ▢ Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.

Non será preciso achegar os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria, se a entidade autorizou, expresamente, ao Concello de Vigo para a súa expedición por medios telemáticos ou informáticos.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar **fotocopia compulsada da resolución de concesión** das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro y demás responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancions que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

DÉCIMO CUARTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015, de 01 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación o desestimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención..

DÉCIMO QUINTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SEXTA.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificada.

Antes de proceder ao pago das subvencións, comprobarase que a entidade beneficiaria está ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, tal e como se indica na Base 13ª.

Así mesmo, deberá comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

DÉCIMO SÉTIMA.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIONS

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO OITAVA- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIXÉSIMA.- PUBLICIDADE.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Portal de Transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no Portal de Transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiaria, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión do proxecto subvencionado.

10(948).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2017. EXPTE. 1387/330.

Dáse conta do informe de data 11/09/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións da base 31ª das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo **servizo da Área de Cultura**, no mes de **XULLO e AGOSTO de 2017**.

SERVIZO: Área de Cultura

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
1331/330	CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN ARTÍSTICA E COORDENACIÓN DAS XORNADAS DE FILOSOFÍA 2017	GRUPO ALETHEIA (G36659258)	1.000,00 €
1341/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DO ELEVADOR DA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" PARA O EXERCICIO 2017	ASCENSORES ENOR, S.A. (A36650992)	1.404,54 €
1342/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DAS PORTAS CORREDOIRAS AUTOMÁTICAS NA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" NO ANO 2017	ASCENSORES ENOR, S.A. (A36650992)	149,58 €
1343/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DOS GRUPOS ELECTRÓXENOS E BOMBAS DE ACHIQUE DA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" NO ANO 2017	ELECTRONAVIA INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO, S.L. (B36977254)	434,00 €
1344/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN DA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" NO ANO 2017	VEOLIA SERVICIOS NORTE, SAU (A15208408)	1.125,00 €
1345/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN DO CENTRO DE ARTE FOTOGRÁFICA DE VIGO NO ANO 2017	VEOLIA SERVICIOS NORTE, SAU (A15208408)	750,00 €

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
1346/330	RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA TRABALLOS E SERVIZOS TÉCNICOS NA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" E NO CENTRO DE ARTE FOTOGRÁFICA DE VIGO	-----	5.000,00 €
1347/330	RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SERVIZOS DE REVISIÓN E REPARACIÓN DE MAQUINARIA E INSTALACIÓNS NA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" E NO "CENTRO DE ARTE FOTOGRÁFICA DE VIGO" (CAFVI)	-----	5.000,00 €
1348/330	RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SERVIZOS DE REVISIÓN E REPARACIÓN DO EDIFICIO NA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" E NO "CENTRO DE ARTE FOTOGRÁFICA DE VIGO" (CAFVI)	-----	3.000,00 €
1349/330	RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SUBMINISTRACIÓNS PARA REPARACIÓNS, MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN DE MAQUINARIA E INSTALACIÓNS TÉCNICAS NA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" E NO "CENTRO DE ARTE FOTOGRÁFICA DE VIGO" (CAFVI)	-----	3.000,00 €
1350/330	RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS PARA REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO DA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO" E NO "CENTRO DE ARTE FOTOGRÁFICA DE VIGO" (CAFVI)	-----	3.000,00 €
1355/330	CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN DE CORNISA NA FACHADA PRINCIPAL DA PINACOTECA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO	AYCAR PROYECTOS E INSTALACIONES, S.L. (B36934206)	2.402,69 €
1356/330	CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN DA INSTALACIÓN DE CONEXIÓN DA ACOMETIDA DE INCENDIOS NO INTERIOR DO EDIFICIO DA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO"	CAL BAIXO MIÑO, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L. (B94081353)	4.946,06 €

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
1358/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DO ELEVADOR DO CENTRO DE ARTE FOTOGRÁFICA DE VIGO-CAFVI PARA O EXERCICIO 2017	ORONA SOCIEDADE COOPERATIVA (F20025318)	435,60 €
1362/330	CONTRATACIÓN DA ACTIVIDADE "VERBUM CREATIVO" PARA A NOITE BRANCA 2017	ISAAC GARABATOS MARTÍNEZ (36142616-W)	5.082,00 €
1365/330	RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA GASTOS DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DOS CONCERTOS DA NOITE BRANCA 2017	-----	4.000,00 €
15632/33 1 (MAIO)	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "ANTÓN COMODÓN" DA COMPAÑÍA L'ESTAQUIROT TEATRO, O DOMINGO 5 DE NOVEMBRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA (PROGRAMA PLATEA)	L'ESTAQUIROT TEATRO S.C.C.L. (F58517681)	2.420,00 €
15633/33 1 (MAIO)	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "OOPART: HISTORIA DE UN CONTRATIEMPO", DA COMPAÑÍA TRESPERTÉ CIRCO-TEATRO, O DOMINGO 19 DE NOVEMBRO, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA (PROGRAMA PLATEA)	PRODUCCIONES TRESPERTÉ S.C.A. (F19554112)	4.356,00 €
15645/33 1	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "NAGARE" DA COMPAÑÍA CIRCLE OF TRUST - LOGELA, O VENRES 27 DE OUTUBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA, NO MARCO DO PROGRAMA PLATEA	IMANOL GARAIZABALPILDAÍN (30682100P)	4.743,20 €
15653/33 1	CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ESTORES PARA BIBLIOTECAS PÚBLICAS	EKIPO SOCIEDAD SUMINISTRADORA MOBILIARIO S.L. (B36620474)	3.802,85 €

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
15656/33 1	CONTRATAÇÃO DO DESEÑO, EDICIÓN E PRODUCCIÓN DE MATERIAL GRÁFICO DESTINADO Á DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA DO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2017	JULINDA MOLARES CARDOSO (36084531S)	2.364,70 €
15657/33 1	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "ELECTRA" DA COMPANHIA DO CHAPITÔ, O VENRES 13 DE OUTUBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	CÉSAR BARTOLOMÉ ARIAS BARRIENTOS (34780504L)	4.799,20 €
15658/33 1	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "PUM PUM" DE BAOBAB TEATRO, O DOMINGO 12 DE NOVEMBRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	BAOBAB TEATRO S.L. (B94101151)	1.990,00 €
15661/33 1	CONTRATAÇÃO DE DÚAS FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO "REDONDO" DE CARAMUXO TEATRO, O DOMINGO 26 DE NOVEMBRO, ÁS 12 E 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	CARAMUXO TEATRO S.C. (J70100490)	1.100,00 €
15662/33 1	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DE RÚA DO ESPECTÁCULO "RITMO REFUGALLO" DO TRÍO REFUGALLO, O VENRES 29 DE SETEMBRO, ÁS 19 HORAS, ITINERANTE POLO CENTRO DE VIGO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (F15983067)	968,00 €
15663/33 1	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "YLLANA 25" DA COMPAÑÍA YLLANA, O XOVES 5 E O VENRES 6 DE OUTUBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (F15983067)	11.544,36 €

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
15668/33 1	CONTRATACIÓN DE DÚAS FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO "ELISA E MARCELA" DE A PANADARÍA, OS DÍAS 20 E 21 DE OUTUBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	ARETA GONZÁLEZ BOLADO (35570775X)	3.776,00 €
15670/33 1	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "HELENA: XUIZO A UNHA LURPIA" DE TEATRO DO ATLÁNTICO, O VENRES 24 DE NOVEMBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	ATLÁNTICO PRODUCCIONS TEATRAIS S.L. (B70198239)	1.800,00 €
15671/33 1	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "ENSAIO SOBRE A CEGUEIRA" DE SARABELA TEATRO, O VENRES 3 DE NOVEMBRO, AS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	SARABELA S.L. (B32117483)	4.900,00 €
15672/33 1	CONTRATACIÓN DUNHA ACTUACIÓN DO GRUPO VATAPÁ QUINTETO, O VENRES 10 DE NOVEMBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	MUSIC ARTE REY SAAVEDRA S.C. (J70238183)	1.150,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

11(949).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DA OBRA "AUTORRETRATO DE XOSÉ GUILLERMO CON AGAPITO A TRAVÉS DO ESPELLO" DO PINTOR XOSÉ GUILLERMO. EXPTE. 5997/337.

Visto o informe de fiscalización do 25/08/17, dáse conta do informe-proposta do 21/08/17, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Código Civil.

- Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales (RBEL).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- En data 4 de abril de 2017, D. Manuel Carnero Pazos, presenta escrito dirixido ao Museo municipal "Quiñones de León" polo que manifesta o seu interese en donar ao Concello de Vigo, Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León", a obra pictórica da súa propiedade *"Autorretrato de Xosé Guillermo con Agapito a través do espello"* do pintor Xosé Guillermo.

Segundo.- Polo Director do Museo Quiñones de León, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Cultura, informase o 6 de xuño do 2017, en relación á doazón proposta que:

A obra para a que se propón a doazón no Museo municipal "Quiñones de León" descríbese como:

Autor: Xosé Guillermo

Título: "Autorretrato de Xosé Guillermo con Agapito a través do espello"

Técnica: óleo/lenzo

Data: 1989

Medidas: 95 x 127 cm.

Recibida e examinada a proposta de doazón polo que subscribe informase favorablemente da aceptación da mesma polos seguintes motivos.

O pintor Xosé Guillermo (Carballo, 1947 – Vigo, 2009) é un autor fundamente vencellado á cidade de Vigo onde fixo a maior parte da súa produción pictórica e foi promotor de numerosas iniciativas culturais, entre as que se contou a denominada Fundación Nautilus durante máis de vinte anos.

A súa última exposición foi a antolóxica "Danza nos tempos", celebrada na Casa das Artes no mesmo ano do seu falecemento. Nesta exposición o autor presentou máis dun centenar de obras, pintura e escultura, seleccionadas por el mesmo, que daban testemuño de máis de corenta anos de dedicación ás artes plásticas, e entre os que se incluía o autorretrato, realizado nos anos 80, obxecto da presente doazón.

Difícil de clasificar, acuarelista e retratista de relevancia, segundo as fontes críticas consultadas, non buscou proxección fóra da cidade de Vigo o que motivou que a súa obra atópese certamente infravalorada.

O Museo Municipal de Vigo dispón dunha única obra deste pintor: "Autorretrato a traición" (nº inv. 4176), óleo sobre lenzo, de 1992.

A obra que se oferta é igualmente un autorretrato, de finais da década dos 80, de maior calidade técnica e orixinalidade compositiva que a obra propiedade municipal.

O Museo Municipal estima un valor económico para esta obra de 3.000 €.

Visto o cal, por tratarse dun autor hondamente unido á nosa cidade, con gran proxección dentro dela, especialmente na segunda metade da década dos 80 - asociándose ao fenómeno cultural de "A Movida" - e durante a década dos 90; por dispor o Museo Municipal tan só dunha obra deste autor, menos representativa da súa produción; considérase de interese e infórmase favorablemente a aceptación da doazón da obra por parte do Concello de Vigo, para a súa asignación á colección de arte do Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León" en tanto supón mellora e enriquecemento do patrimonio artístico municipal.

Terceiro.- Pola Técnica de Admón. Especial de Patrimonio emítese informe o 11/08/2017 sobre os impostos e tributos que poideran gravar dita operación, sinalando que *ó tratarse de unha donación a unha administración Pública, que non conleva ningunha transacción económica, dita donación non está suxeita a ningún tipo de imposto.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- As entidades locais, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, teñen plena capacidade xurídica e de obrar para adquirir, poseer, reivindicar, permutar, gravar ou enaxenar toda clase de bens e dereitos (artigo 5 LBRL).

SEGUNDO.- A doazón recóllese como uns dos modos de adquisición dos bens e dereitos polas Administracións públicas, previsto no artigo 15 LPAP, 271 LALG e 10 RBEL, que constitúe un acto de liberalidade, gratuito e unilateral, polo cal unha persoa dispoñe dunha cousa a favor de outra, que a acepta (artigo 618 Código Civil).

En canto ó ser ésta un modo de adquisición de bens a título gratuito non está suxeita á restricción algunha, dispoñéndose unicamente a limitación no suposto da suxección ou vencellamento a condición ou modalidade onerosa (art. 273 da LALG e 12.1 do RBEL).

No presente caso, a teor dos termos nos que se formula o ofrecemento polo donante, non nos atopamos ante un suposto de doazón modal, polo que conseguintemente non existe restricción algunha a súa aceptación, poidendose acordar polo órgano competente se así o estima de interese público.

TERCEIRO.- O artigo 4.1.p do Texto Refundido da Lei de Contratos do sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, considera a doazón un contrato excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos, dispoñendo no seu apartado 2 que ditos contratos regularáanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

CUARTO.- Así mesmo, a doazón de cousa moble poderá facerse verbalmente ou por escrito, requeríndose neste último caso para que surta efecto, que conste na mesma forma a aceptación (artigo 632 Código Civil), xa que a doazón so obriga ó doante e produce efectos dende a aceptación (artigo 629 Código Civil).

QUINTO.- Consecuente co exposto, non existe inconveniente na aceptación a título gratuito, libre de cargas e gravames e ó corrente no pago de impostos e demais tributos, da obra pictórica ofertada, resultando competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, consonte o previsto na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- *Aceptar a doazón por D. Manuel Carnero Pazos, da obra pictórica da súa propiedade titulada "Autorretrato de Xosé Guillermo con Agapito a través do espello", do pintor Xosé Guillermo.*

2º.- *Proceder, tralos tramites legais pertinentes, á formalización da doazón en documento administrativo.*

3º.- *Dar de alta, unha vez perfeccionada a doazón, dita obra no Inventario Municipal de bens e dereitos, de acordo coa seguinte catalogación e valoración efectuada polo Director do Museo Municipal:*

Autor: Xosé Guillermo

Título: "Autorretrato de Xosé Guillermo con Agapito a través do espello"

Técnica: óleo/lenzo

Data: 1989

Medidas: 95 x 127 cm.

Valoración: 3.000 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(950).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez